



# O NADAL



**XXIV**

**certame  
de  
xornalismo**

**certame  
de  
poesía**



# XXIV CERTAME DE XORNALISMO SOBRE O NADAL

---

Patrocina:



DEBUXO LOGOTIPO:  
XOSÉ RODRÍGUEZ VARELA

DESEÑO MAQUETACIÓN:  
XESÚS FRAGA

COORDENACIÓN:  
XULIO XIZ RAMIL

IMPRESO EN «LA VOZ DE LA VERDAD»  
DEP. LEGAL LU 382 – 2000

# XXIV CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL

---

Patrocina:



O B R A S O C I A L

---

*A publicación dos traballos premiados é posible pola colaboración da Dirección Xeral de Política Lingüística, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, da Xunta de Galicia.*

---



# ARREDOR DO NADAL


*Cando un século e un milenio están a piques de comezar, en Begonte de novo vivimos o Nadal.*

*As cifras queren impoñernos tempos novos, tempos de mudanza, pero na nosa terra e nos nosos corazóns seguirá habendo un oco -cada vez máis fondo; cada vez máis forte- para seguir impulsando unha idea, para que Begonte siga a ser a capital do Nadal galego, do tempo máis especial do ano, onde todo chama á irmandade e á paz.*

*Nese clima de paz que desexamos e polo que traballamos, desde Begonte, de novo, chamamos por tódolos galegos, sen palabras, co noso Belén. E a todos agardamos cos brazos abertos. O Belén Electrónico de Begonte é a casa de todos, e a todos acolle con ledicia e agarimo.*

*Neste libro vai, un ano máis, a colleita literaria obtida nos Certames de Poesía e Xornalismo do Centro Cultural José Domínguez Guizán na súa XXIV edición, testemuñas de cultura e de vida, de crenza, de palabra feita arte na honra dun ideal.*

*No nome do Centro cultural de Begonte e de tódolos amigos que fan posible que o Belén e as súas actividades sexan unha realidade, quero desexar que o remate do século XX e o comezo do século XXI signifique un fito de esperanza nas nosas vida, e que o espírito do Nadal - Paz, amor, Xesús connosco- defina o noso xeito de vivir.*



Xesús Domínguez Guizán  
Presidente do Centro Cultural de Begonte





# POESÍA

BASES

## XXIV CERTAME DE POESÍA SOBRE O NADAL

---

O Centro Cultural «José Domínguez Guizán» de Begonte –entidade que promove o Belén Electrónico– co patrocinio de CAIXA GALICIA, co gallo do Nadal 1999, ven de convoca-lo «XXIV CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL», que se vai rexir polas seguintes BASES:

- 1.–Poden participar tódolos poetas que o desexen, con textos en galego ou castelán.
  - 2.–O tema dos traballos ha se-lo de O NADAL, desde calquera punto de vista.
  - 3.–Hanse valora-los textos que fagan referencia a Begonte e o seu Belén.
  - 4.–É libre a construción dos poemas e a medida dos versos.
  - 5.–Hanse concede-los seguintes premios:
    - PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 100.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.
    - SEGUNDO PREMIO, dotado con 50.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.
  - 6.–A remisión de orixinais farase por triplicado ó Centro Cultural de Begonte (Lugo), tanto persoalmente como por correo certificado, antes das doce horas do día seis de xaneiro de dous mil.
  - 7.–Tódolos traballos han ser presentados con plica, facendo constar nela os datos persoais do autor.
- BEGONTE (Lugo), nadal de 1999

# BASES

FALLO DO XURADO DO XXIV CERTAME DE  
POESÍA "BEGONTE E O NADAL"

---



FALLO  
DO  
XURADO

*O Xurado calificador dos traballos presentados ó XXIV CERTAME DE POESÍA "BEGONTE E O NADAL", formado por:*

*D. XAVIER RODRÍGUEZ BARRIO*

*D. FRANCISCO MARTÍN IGLESIAS (Paco Martín)*

*D. RAMÓN SOILÁN PENAS (En representación da entidade patrocinadora)*

*D. XULIO XIZ RAMIL (En representación da entidade convocante, que actúa como secretario) acordou conceder ex-aequo os dous premios instituídos:*

*– PRIMEIRO PREMIO, dotado con 50.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos, ó poema A LÚA TECELÁN, do que resultou ser autor o vilalbés BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO-MERO.*

*– PRIMEIRO PREMIO, dotado con 50.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos, ó poema HAI PANXOLINÑAS, presentado pola súa autora, CATUXA CELEIRO MUÑOZ, de Santiago de Compostela.*

*– SEGUNDO PREMIO, dotado con 25.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos, ó poema DIÁLOGOS EN BELÉN, do que autor LÁZARO DOMÍNGUEZ GALLEGO, de O Ferrol.*



– *SEGUNDO PREMIO, dotado con 25.000 ptas. e estatuña de Sargadelos, ó poema SALUTACIÓN PARA BEGONTE Y SU BELÉN ELECTRÓNICO, de EUMELIA SANZ VACA, de Valladolid.*

*O SECRETARIO DO XURADO*

A handwritten signature in black ink, consisting of several loops and a long horizontal stroke at the bottom.

*Xulio Xiz Ramil*



## **BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO** **(Mero)**

*Baldomero Iglesias Dobarrío (MERO), naceu en Vilalba en 1951. É mestre. Fundador de FUXAN OS VENTOS e A QUENLLA, ten adicada a súa vida á música e a poesía, tendo gravadas arredor de medio cento de cancións das que é autor da letra, e de moitas delas da música. Ten recollido milleiros de cancións populares por todo Galicia.*

*Ademais do libro colectivo “GALICIA CANTA Ó NENO”, ten publicado SOCIAIS (de terceiro, cuarto e quinto de E.X.B), EXPERIENCIAS (primeiro e segundo de E.X.B.), GALEGO-LINGUAXE (de primeiro a quinto), CONTOS DE VELLAS PARA NENOS, SOMOS LENDA VIVA (Lendas para nenos), e CANTOS, COPLAS E ROMANCES DE CEGO.*

## A LÚA TECELÁN

É Nadal e o frío intenso  
as regalías nos nega  
sen descubrir no horizonte  
a Luz do Sol  
que non chega.

Son as noites tan enormes  
que o día os postigos torna  
cando xorde e alborexa  
coa lene luz da raiola  
volve para a cama e deita,  
covarde mencer na alcoba.

Lúa fría de cristal  
que nos miras peneireira  
desde o ceo das estrelas  
¿onde se agachou o Sol?,  
¿apagárono as folerpas?.

Os altos do Cadramón esconden a Lúa espida  
coa aura que sempre leva,  
en Begonte se detiña  
alumando  
a cantos viñan  
cun resplandor cheo de luz  
garimoso e atrevido  
desde o seu berce azul.  
Son rueiros de apego á vida ¡nun Sol Meniño, pequeno!  
que convoca ós veciños  
festexar seu nacemento.

Na Terra Cha xea ás présas  
e o lazo e os carambelos  
levan pastos e arboredas.  
Uns farrapos de pobreza  
quedánnos para sustento.  
...Pouco para tanto tempo  
namentras O Sol non chega  
anovando as esperanzas,  
fecundando as nosas terras.  
Cómpre que volva lucir ¡regalo de primavera!.

Lúa fría mareliña  
dos ensoños de cristal  
mentres teces, dille ó Sol  
que o agardamos a que veña  
regalarnos a calor  
moi ó preto,  
¡tan ó cerca  
que o seu alento de amor  
nos saque desta cegueira!.  
A Lúa, anque chea e grande  
esclarece e non mitiga  
os fríos da noite escura  
e os fríos da noite fría,  
os fríos ventos de neve  
das tan longas invernías.  
se á tardiña, a Lúa Chea,  
levanta grande e vermella  
como noiva namorada  
e alumina como unha estrela  
mais, en erguéndose o día,  
fuxe do Sol no horizonte,  
¡...ignoramos se durmida  
queda pousada na noite!.

Namorada Lúa que guías  
ó Neno Sol que nos quenta  
dille que de noite durma  
mentres ti os soños velas.

Lúa fría que nos teces  
as ilusións e os desexos  
como espello solitario  
máندانos os teus reflexos.  
E chama ó Sol cando nace,  
dille -eu sei que che ten aprecio-  
que cos brillos do diamante  
escintilee máis tempo.

Lúa fría, se porfías trezando a tenrura en fibras  
e os anhelos de veludo  
cos medos en sedas finas,  
alumarasnos na noite as tantas paixóns que inspiras,  
dando consolo de amor  
ó Sol que nos quenta os días.

Lúa fría e amarela  
dos ensoños, tecelán;  
que tan só luz nos reflexas  
¿cando O Sol Neno virá  
acariñarnos as penas?.



## *CATUXA CELEIRO MUÑOZ*

*Naceu en Santiago de Compostela o 17 de xullo de 1982. Estudiu EXB no colexio público Pío XII e Bacharelato e COU no Instituto Rosalía de Castro de Santiago e, en outubro deste 2000, comezou os estudos de medicina na Universidade de Lleida.*

*Foi alumna do conservatorio de Santiago, onde estudiou solfeo e piano, simultaneando esta actividade coa práctica do baloncesto.*

*Ten publicado poemas na revista do Instituto Rosalía de Castro de Santiago e, en 1999, foi unha das gañadoras do premio de poesía de Begonte.*

# HAI PANXOLIÑAS

## Lema: “Lóuzara-Loureira”

Hai panxoliñas rexas, feitas ferro  
no afouto negrume dalgún berro  
pola dor.

E hainas brancas, de moles letanías,  
neitegadas de notas manantías  
sen máis cor.

Hainas finchadas, sabidas e tolas,  
máis patrañas finxidas que panxolas  
no escoitar.

Pero tamén as hai que din de certo  
que algún ceo por fin ficou aberto  
nun luar.

Mesmo hainas que soan á falsía  
dalgún ouro que renxe e arrepía.  
no Belén.

Ou dun incenso mesto e agrisado,  
bretemoso nas vidas e arrotado  
sen querer.

Case todas nos falan dese neno  
ateigado de luz no seu aceno  
de bulir.

Pero hainas con todo xa falado,  
con folerpas dun negro inmaculado  
no dicir.

Hainas de pan, de codia e máis de relo,  
reflectidas de prata e amarelo  
resoar.

E ata xurden do viño excedentario  
como borras do carto no esceario  
de comprar.

Porque hainas de cantos de sereas  
coma rezos directamente ás veas  
ó chamar

polos novos siareiros desta feira  
que trabucan portais nesa lideira  
de gastar.

Hai algunha que nin é panxoliña  
e semella unha lousa, outra espiña  
pra ferir.

E hainas quedas, de versos azulados  
de pandeiros rinchóns, domesticados:  
é pra rir.

Unha ten o sabor do catecismo  
e non falta algún vello amarelismo  
no seu son.

Pero hai outra de berce que arrechea  
o agarimo vivo que se entrega  
á canción.

Hai reclamos que baten nas fazulas,  
que utilizan pandeiros, bois e mulas  
pra chamar.



Pero hai verbas de ben na boa xente  
sen celofán nin ouro polo abrente  
de espertar.

Hai figuras que son falsos pastores  
polos berces virtuais de falsas cores,  
ben sei eu.

Pero outras son puro sentimento  
e dan cada un dese contento  
candanseu.

Hai panxoliñas doces, de adovío,  
brancas de voces dadas ó enfastío  
de finxir.

Pero algunhas non han ser mintireiras,  
proletarias da fe e xornaleiras  
do sentir.

E hai, por fin, algunha coma esta  
escabardada entre tanta festa  
sen por qué.

É só unha panxoliña que se espiga  
e se quere facer bola pantriga,  
abofé.



## LÁZARO DOMÍNGUEZ GALLEGO

Lázaro Domínguez Gallego naceu en Zamora en 1936. Reside no Ferrol desde 1959. É crego. Escribiu “Raquel” (libro xuvenil de divulgación relixiosa), “Sombra Larga” (poemario premiado co “Alfonso Carmín”, de Xixón en 1978), “Con los ojos bañados de gaviotas” (poemario premio “Ausias March”, de Gandía en 1982), “Junto a la cuna de la muerte” (premio de poesía “Paco Mollá” de Petrel-Alicante, en 1992), e “La resurrección de las presencias” (Antoloxía poética publicada en 1993 pola Fundación cultural “Rutas del Románico” de Pontevedra).

Ten gañado numerosos premios de poesía (“Ateneo de Salamanca”, “Carabela de plata”, “Nacional Jerez”, “El Ciervo”, “Amantes de Teruel”, “Gerardo Diego”, “Gabriel y Galán”...), Premios de narración breve “Pérez Galdós” e Premio Nacional de contos “Ateneo de Sevilla”.

# DIÁLOGOS EN BELÉN

## Lema: “Desbordado de besos”

### DESBORDADO DE BESOS

Te miro en esa cuna, Jesús mío,  
y tiemblo de emoción con sólo verte.  
Qué dicha tan enorme, qué gran suerte,  
poder mirarte mientras tiembla el frío.

Cómo quisiera a tu portal umbrío  
acercarme y a ti, Niño, cogerte,  
y abrazarte con fuerza, y retenerte,  
desbordado de besos como un río.

Cómo quisiera en esta noche santa  
ofrecerte mi voz y mi garganta,  
encendida por ti de melodías.

Y cómo, Niño-Dios, cómo quisiera  
que fueras sólo tú la primavera  
de todos los minutos de mis días.

### MENOS MAL QUE NOS TRAES LA PAZ

Menos mal, Niño-Dios, que te has dignado  
venir hasta nosotros, a este mundo  
sumido en el temor, en un profundo  
sufrimiento continuo, acostumbrado.

Como un ave terrible se ha instalado  
la guerra en esta tierra. Es infecundo  
el clamor por la paz. Y se hace inmundo  
hasta el aire que tiembla a nuestro lado.

Menos mal que nos traes la paz contigo.  
Menos mal que nos abres tú el postigo  
para que entre el amor en nuestra vida.

Bendito seas tú, Niño del cielo,  
que al nacer iluminas nuestro suelo  
desde el heno y umbral de tu guarida.

### TU BELÉN ES EL HOMBRE

Perdón, mi Niño-Dios, perdón te pido,  
porque estás a mi lado y no te veo.  
Pasas cerca de mí como un oreo,  
y me hago para ti el desentendido.

Tu Belén es el hombre, el aterido  
de frío y de temor, el pobre reo  
de la vida diaria o el que creo  
más inútil, enfermo y desvalido.

Tu naces, Niño-Dios, en cada hombre,  
en todo aquel que lleva escrito el nombre  
en su frente de simple criatura.

Y yo sin querer verte, y yo buscando  
tu Belén no sé dónde ni hasta cuándo,  
estando tú, Señor, a nuestra altura.

### PAZ

Paz cantaron los ángeles del cielo,  
cuanto tú, Niño-Dios, hermosa rosa,  
te dignaste aromar la milagrosa  
noche de Navidad en nuestro suelo.

Sin embargo en el mundo va de vuelo

la pólvora maldita, la horrorosa  
guerra que nunca acaba, la espantosa  
espada del dolor y el desconsuelo.

Convierte, Dios, las lanzas en arados,  
junta fiero y cordero por los prados,  
allana las colinas y los montes.

A ver si ya por fin la primavera  
de una paz venturosa y verdadera,  
ilumina vaguadas y horizontes.

### QUE LO MÍO NO SEA MÍO

Mirándote en las pajas recostado,  
envuelto entre las sábanas del frío,  
en medio de la noche y de ese umbrío  
paraje empobrecido y desolado.

Mirándote, mi Niño, despojado  
totalmente de todo, sólo ansío  
pedirte que lo mío no sea mío,  
y que nunca el *tener* me tenga atado.

No permitas, mi Niño, que el dinero  
esclavice mi vida, que no quiero  
ser siervo del metal o la tristeza.

No dejes que me ciegue el egoísmo,  
ni me dejes caer en el abismo  
del vacío que engendra la riqueza.

### VEN A HERMANARNOS MÁS

Siempre está la tragedia palpitando  
en el aire cansado de la vida.

Siempre está la guadaña estremecida  
de la muerte girando, amenazando.

Siempre está la tristeza cabalgando  
por los campos del mundo. Siempre huida  
la esperanza del alma. Siempre herida  
la tierra que los hombres van pisando.

Ven, Niño-Dios, a darnos fortaleza.  
Ven a hermanarnos más. Que tu terneza  
nos inunde y nos haga solidarios.

Y que cuando algún drama nos visite,  
cuando el llanto masivo nos habite,  
no se sientan los hombres solitarios.

#### HAY MUCHOS SIN TRABAJO

Hay muchos sin trabajo, sin comida,  
hombres, mujeres, niños, herederos  
del hambre cotidiano, verdaderos  
parias de la miseria y de la vida.

Hay muchos con la sangre carcomida  
por la rabia de ser sólo viajeros  
hacia ninguna parte, pordioseros  
sin esperanza, con la fe perdida.

¿Tú, Niño de Belén, tú no podrías  
hacer que en nuestro tiempo, en nuestros días,  
el paro se parase de repente?

Haz que ganemos todos el sustento,  
el pan de cada día, el alimento,  
con el digno sudor de nuestra frente.

## QUE BEGONTE ME PRESTE SUS NANAS

Duerme, duerme, mi Niño de Belén,  
duerme, duerme, al arrullo de mi canto,  
duérmete de verdad mientras espanto  
este frío feroz con mi vaivén.

Duerme, duerme, ro, ro, duerme mi Bien,  
no me llores ya más, reprime el llanto,  
reprime el desgañito que, aunque santo,  
aturde como cuando pasa el tren.

Que Begonte me preste presuroso  
los brazos de la fe y el más hermoso  
villancico o sus nanas de alegría.

A ver si con paciencia y con empeño,  
procuramos que el Niño coja el sueño,  
antes de que amanezca y sea de día.



## *EUMELIA SANZ VACA*

*Funcionaria de Educación y Cultura, é “Gran Comendadora de la Orden Literaria Francisco de Quevedo”, “Medalla de Oro Sabio Francisco de Vitoria” e gañadora do “Certamen Mundial de Poesía” e “Certamen Internacional del Soneto”.*

*Co seu acento lírico de outo relevo anímico e rico en temas, ten obtido 406 premios de Poesía de carácter nacional (e algúns de narrativa), que a convirten na muller máis premiada de España.*

*É antiga amiga do Belén de Begonte, e nos seus certames ten obtido varios premios.*



# SALUTACIÓN PARA BEGONTE Y SU BELÉN ELECTRÓNICO

## Lema: "Mensaje"

Flotan estas palabras en Begonte  
prendidas de su ambiente navideño.  
Soslayando linderos y confines  
viene el caudal que fluye por mis versos  
en la Natividad del Salvador,  
que en plenitud de amor y de recuerdos  
al conjuro electrónico del arte  
se crece dando vuelo al pensamiento.

Cautiva en tu sabor de Navidad,  
de tu Belén, cautiva, aquí me encuentro.  
El solsticio hiemal de la campiña  
se cierne por mis venas, y mi verbo  
meseteño y veraz, vivo a tu gracia  
se siente, por lo mucho que te siento.

Se me llena la voz de madrigales  
cabe el Pesebre pródigo en destellos,  
se me vacía el corazón de sombras  
ante sus llamaradas de misterio,  
el Niño-Dios desde este albor alienta  
el pálpito amoroso de mi acento  
y el invierno interior de mis quimeras  
se extingue calcinado por su fuego.

Advierte cómo me alza y me desborda  
una nueva esperanza que en mis sueños  
ya me puebla los pulsos de aleluyas  
en derredor de vuestro Nacimiento,  
ya me pone ligeras las palabras  
como un obsequio parvo, muy pequeño,  
al alma de Begonte que venera  
la Cuna del Amor bajo sus cielos.

En tu eclosión de bien y de concordia  
se sumerge gozoso el forastero,  
peregrina gaviota sorprendida,  
mariposa hibernal de advenimiento,  
que haciendo lenguas del Belén hermoso  
surca feliz el aire con su vuelo.

¡Oh, Belén Electrónico en Begonte,  
que en hondo afán de sublimar lo bello,  
mecido por alientos de ternura,  
almas y corazones va prendiendo!

Prestigioso Pesebre de Begonte,  
galaica prez lucense, tierra adentro,  
donde imperan deseos de bondades,  
de paz y de esperanzas y de sueños...

Eres, Begonte, la más bella aurora,  
una canción de Cuna cuyo acento  
trasciende a todos puntos cardinales  
desde el norte del Norte con sus ecos  
recreando al Belén que se ha encarnado  
en tu rincón lejano y recoleto.

No es menester la glosa de tu historia  
ni la de los anales de tu feudo,  
es más apasionante tu futuro  
y el glorioso mañana que te sueño

en esta inmensidad a cielo raso  
impregnada del sacro Advenimiento,  
donde la brisa en labios de sus alas  
nos habla de confianza y de progreso.

Cardal en lontananza nos implora  
justipreciar vuestro temperamento,  
vuestra habitual idiosincrasia dulce,  
nos reta a valorar más vuestro predio.

No os extrañe que os abran mis palabras  
mi corazón sin galas y sin velos,  
pues que vosotros, desde vuestra esquina,  
estáis con vuestros brazos siempre abiertos...

Para vuestro Belén, mi magno acorde  
en la culminación de vuestro esfuerzo  
por tanta sementera de ilusiones  
florecidas con nulos desalientos  
y por esta electrónica fontana  
movida por artífices egregios.

Para vosotros la más alta gloria  
por el valor que nutre vuestro acervo  
de cultura, amistad..., de convivencia,  
prendas con que se adorna vuestro pueblo,  
donde no entra ni el mar a ahogar la llama  
prendida siempre como manifiesto  
de lo que eres capaz, gentil Begonte,  
vergel undoso donde reina el heno  
que generoso expande por los campos  
promesas de esperanza desde el suelo...

Para todos mi cálido mensaje  
derramado en los surcos de mis versos  
que en la planicie de ocres horizontes  
de mi solar, que es castellano viejo,  
añoran el verdor de tu bosque,  
brumoso y ondulante compañero.

Vuestra llama de amor se me agiganta,  
se aviva en la explanada de mi acento...  
y crece con mi férvido saludo  
la luz de este prodigio navideño  
merecedor de que por siempre el orbe  
le contemple en un ángulo del cielo...

sanal para te...  
ousas da vida, cheo de a...  
iniversais, cheo de a...  
dos dos nosos devanc...  
n habilidade, inxenio e  
a.  
arredor é tamén un  
ropicio para que a  
da á ledicia arte.  
iva medre e  
amiños e  
mas  
sua, a  
lúa, a  
parpadexa...  
ata o amencer du...  
no que se aviya a chi...  
vida e do traballo cotián.  
Nunha xuntanza do gre...  
os protagonistas do gre...  
tecimento figuran  
o plano: Os Rei...  
ría e S. Xosé, e  
camellos re...  
nde viaxe.  
ñas, un...  
m

# PRENSA

XXIV CERTAME DE XORNALISMO  
"BEGONTE E O NADAL"

---

O Centro Cultural JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de Begonte (Lugo), entidade promotora do BELÉN ELECTRÓNICO DE BEGONTE, co fin de potencia-lo espírito do Nadal, e que se coñezan mellor os actos que con este motivo se celebran en Begonte, con-voça o

XXIV CERTAME XORNALÍSTICO  
"BEGONTE E O NADAL"

de acordo coas seguintes BASES:

A. Poderán tomar parte neste certame os que publiquen, en calquera xornal ou revista, en lingua galega ou castelán, algún traballo ou serie de traballos sobre calquera tema que faga referencia ó Nadal en Begonte e -en xeral- ó Nadal en Galicia.

B. Establécense dous premios para os que se considere os mellores traballos presentados, dotados con:

PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO.- 100.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.

SEGUNDO PREMIO.- 50.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.

C. O prazo de entrega dos traballos que se presenten ó certame rematará ás 12 horas do próximo día seis de xaneiro de dous mil, debendo facerse a entrega no Centro Cultural de Begonte, persoalmente ou por correo.

D. A presentación ha facerse por triplicado exemplar do xornal ou revista na que se publicase o traballo, xunto cunha nota na que se fagan constalos datos persoais do autor.

BEGONTE, NADAL de 1999

**BASES**

FALLO DO XURADO DO XXIV CERTAME  
XORNALÍSTICO "BEGONTE E O NADAL"

---



O Xurado calificador dos traballos presentados ó XXIV CERTAME XORNALÍSTICO "BEGONTE E O NADAL", formado por D. ANTONIO CALVO VARELA (Delegado provincial de Cultura), presidente; D<sup>a</sup> BLANCA PACÍN SOMOZA; D. MARCIAL GONZÁLEZ VIGO; D. JESÚS DOMÍNGUEZ GUIZÁN e D. JOSÉ RODRÍGUEZ VARELA, do Centro cultural de Begonte, que actúa como Secretario, examinados os traballos presentados, acorda emitilo seguinte fallo:

PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO, dotado con 100.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos. Concédese a M<sup>a</sup> GUILLERMINA MOSQUERA, polo seu artigo "ARESTORA NO NADAL É TEMPO DE SEMENTEIRA" publicado no xornal El Progreso.

SEGUNDO PREMIO, dotado con 50.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos, concédese a FUCO DE CAMBRIA, polo seu artigo "MILAGRE NO BELÉN", publicado no xornal - El Progreso.

O SECRETARIO DO XURADO

José Rodríguez Varela

FALLO  
DO  
XURADO





## MARÍA GUILLERMINA MOSQUERA SÁNCHEZ

*Naceu en Monterroso no ano 1963, vila onde reside actualmente.*

*Na actualidade é profesora de primaria con destino no Colexio Público “Os Pinos” de Monterroso.*

*Foi fundadora e primeira presidenta da Asociación Cultural e Artística “Falcatrueiros” no ano 1985.*

*É colaboradora de varios xornais e revistas de Galicia. Ten publicados numerosos traballos de etnografía e folclore galego na revista “Irimia”.*

*Acadou varias mencións literarias e diversos premios xornalísticos, entre os que se poden citar os certames convocados polo Centro Cultural de Begonte e Centro Cultural “Airiños do Xunco” de Cervo.*



# ARESTORA NO NADAL É TEMPO DE SEMENTEIRA

TINTRA E DOUS

Un proverbio chino lémbra: “Goberna a túa casa, dalle amor ós teus fillos e así saberás canto lle debes ós teus pais”.

Sen dúbida, unha boa mensaxe dedicada á célula vital da sociedade, á familia: unha institución que hoxe tambalea nun mundo confuso onde os valores fraternais de paz e tolerancia, de solidariedade e respecto, de liberdade e amor brillan pola súa ausencia.

Arestora máis ca nunca, é tempo de sementeira para loitar por un mundo mellor.

Nestes tempos laicos e posmodernos aínda hai magníficos intentos que malia os adiantos e o aloucado progreso seguen tendo gran sentido e fonda tradición, e que por riba do anecdótico o espírito do Nadal pregoa os valores educativos máis humanos da man dunha obra de arte belenística que ano tras ano agroma con ilusión no concello lugués de Begonte, que nestas datas pasa a se-la capital do Nadal en Galicia.

Os que ben o coñecemos témo-lo privilexio de ser por unha banda testemuñas da mestura harmoniosa da realidade natural e pétrea, da realidade máxica e relixiosa, da beleza da nosa ancestral cultura; e por outra banda, a mellor e máis didáctica escola coa que contamos para amosar ós nosos cativos e ós mozos un novo xeito de achega-la nosa cultura, aqueles oficios dos nosos avós, a nosa etnografía fielmente escenificada nos fermosos obradoiros xunto cos costumes máis enxebres.

Unha xenerosa lección de humildade ilustrada coas estampas bíblicas da Sagrada Familia como eixe primordial de todo o belén.

Un cosmos especial e máxico dunha dimensión de oitenta metros cadrados no que minuciosamente se distribúen medio centenar de figuriñas impulsadas por motores eléctricos, no que se respira o carácter típico daquela aldea chairega noblemente representada: a igrexa parroquial, os seus obradoiros, a cantina, o río Ladra e as súas cascadas, os oficios máis queridos que alí se contemplan: o cesteiro, o ferreiro, o oleiro, o afiador, a arquitectura rural da Terra Chá apréciase nas súas casas, nos hórreos, o muíño, a ponte vella.

No eido xenuino da relixiosidade, o misterio do Nadal agarima as figuriñas simbólicas da Nai Virxe, do humilde San Xosé e o Neno Deus, os pastores, os Reis Magos e o anxo no ceo anunciando a boa nova.

Unha representación envidiable cunha duración de quince minutos que comenza cunha mensaxe á vida personificada na auga e no dinamismo arredor dunha paraxe alucinante chea de vida e movemento onde cada quen atende ó seu oficio; a auga percorre leda polo río, polas cascadas, dando vida a unha ducia de peixes de cores.

O contraste máis curioso fai latexa-lo maxín dos visitantes; namentras é día tódalas miniaturas teñen o seu movemento, pero a fascinación vai

medrando pouco a pouco cando chega “a noitiña de Nadal”, na que podemos presenciar os orixinais fenómenos atmosféricos: o arco da vella asoma no horizonte por riba das montañas, axiña estoupa unha fachendosa treboada envolta de lóstregos e efectos luminotécnicos que dan paso a unha doce nevada que enche de paz a estampa navideña acompañada do anxo que percorre o ceo.

A vida da noite sae a relocir nas novidades que este ano presenta o belén na maxestuosa ilustración do traballo do liño: actividades da malla, a ripa, o tecido, que tiñan gran importancia noutrora.

Ó carón deste universo, un ten a oportunidade de debullar a traveso do trasno a maxia do Nadal que desde a súa creación fai agora 27 anos segue a fascinar a milleiros de curiosos que cada ano alí se achegan para palpar de cheo un traballo ben feito, un labor cooperativo dun entrañable equipo que, integrado por quince persoas baixo a maestría do actual impulsor don Xesús Domínguez Guizán, soubo recoller o legado entusiasta do seu fundador, don Xosé Domínguez, que desde o ceo alenta o seu belén electrónico.

Unha xoia creativa na que cada quen atopará un abrente de luz e de esperanza, unha homenaxe a familia universal, un mencer de xustiza e reconciliación na identidade de todo un pobo.





## **“FUCO DE CAMBRIA”**

*FRANCISCO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, que adoita asina-los seus traballos co pseudónimo de “FUCO DE CAMBRIA”, naceu en Vilalba (Lugo) o ano 1930.*

*Exerceu como auxiliar administrativo, dependente de comercio, inspector de seguros, administrador de empresa e viaxante. Xubilado na actualidade, realiza pequenos traballos de ensaio que publica periodicamente en xornais galegos.*

*De formación autodidacta, tivo sempre unha adicación especial ó labor literario, que cultivou por fora do seu quefacer cotián.*

*Foi Premio de Xornalismo das IV XORNADAS GASTRONÓMICAS-TERRA DE SARRIA, o ano 1990, e en varias ocasións en Begonte.*

# MILAGRE NO BELÉN

Aló, nun lugar que se atopa tralo monte Calixo na parroquia de Santa María do Alpeiro –unha das moitas que están espalladas por todo Galicia– vive unha familia que sobresa das demais pola súa natural bondade e nobreza.

Esta familia está composta pola parella Anatalio e Claudia e os seus fillos: Sandra –na pía de cristianar, Alejandra– Eugenio e Fosio que son os dous meniños varóns.

Foi a casualidade a que fixo que tanto o home coma a muller celebrasen a súa onomástica no mesmo día, que cadra o 20 de marzal. Debido a tal feito, cando naceron cada un dos pícaros, consultaron o santoral da santa Igrexa católica co ánimo de bautizalos con nomes de santos que en tal data tivesen a súa festividade. Desamaneira –cavilaron– todos celebrarían ó mesmo tempo a devandita onomástica, facendo unha gran festa familiar en tan sinalado día. E coma se ve, así foi. Esta circunstancia, por certo, é ben singular.

Fosiño –coma así lle chaman cariñosamente ó máis noviño dos nenos– padece un tollemento nas pernas por mor dunha febre que tivera o pouco de nacer. Por elo a súa vida desenrólase nunha silla de rodas, das chamadas ortopédicas, que lle regalou unha ONG. Fosiño é así coma un anxo de Deus. É bo coma o pan segundo din as xentes do lugar. Bonito é moito máis que o xilgaro que tiña no seu cuarto, metido nunha gaiola, que lle regalara o Paco da Cruz, curmán de seu pai e que vive moi lonxe de Santa María.

Transcorría o mes do Nadal. Un día, polo serán, Anatolio chegouse ata o cuarto de Fosiño e dispúxose a botarlle de comer ó paxariño. A comida consistía en sementes de leituga e de cána-bo, mesturadas con alpiste. O pai parolaba co neno namentras facía o que tiña que facer. Pero velaquí como nun intre, e por un pequeno despiste de Anatolio, en menos do que dura un suspiro, o xílgaro saíu da gaiola e coma un foguete fuxiu pola fiestra que naquel intre se atopaba aberta por mor do sol que o día regalaba, perdéndose na inmensidade do ceo azul que naque-la hora cubría a parroquia de Santa María do Alpeiro.

Precisamente por atoparse no Nadal os mestres do colexio mixto de E.X.B. “San Xosé de Calasanz” da vila –ó cal ía Fosiño– tiñan programada unha excursión que levarían a cabo na segunda quincena do mes, co fin de que tódo-los nenos e nenas do curso poidesen admira-lo belén que adoita a poñer anualmente o centro cultural “José Domínguez Guizán”, no concello de Begonte da provincia de Lugo.

O día sinalado para realiza-la viaxe, corenta e nove pícaros case encheron o autocar. Ledos, inquedos e brincadeiros compoñían unha estampa tan fermosa coma so os meniños son capaces de representar se pretendelo. Fosiño tamén participaba de tanta ledicia que se espallaba por todos os rincóns coma as brétemas de Santa Lucía. Bulla, balbordo, inquedanza, desacougo eran as constantes daquela grei infantil, á cal os mestres

que os acompañaban trataban de atender o máis agarimosamente posible.

Chegados que foron a Begonte, os cativos van entrando paseniñamente no local onde se atopa o belén. Pouquichiño a pouco van colocándose nas bancadas, naquel anfiteatro de madeira para poder admira-la maxia da electrónica que fará mover figuriñas de barro coma xente, gando, muíños, serróns, garlopas e moitas outras cousas. Hai tamén ríos, pontes, casas, vieiros, pastores gardando ovellas, lume nas lareiras, homes gadañando herba, árbores, pradelas, auga, estrelas nos anoitecidos, neve e lóstregos nas treboadas, fermosas alboradas, e todo canto se poida facer para que o encantamento sexa vivo nunha representación de tan trascendental efemérides.

Os mestres xa tiñan ós pícaros colocadiños para que poidesen contemplar aquela maravilla. Nisto viron como se colaba pola entreaberta porta do local do belén un fermosísimo paxariño que mesmamente vai pousarse diante do pesebre onde está o neno Xesús. Todo-los corazóns late-xan con forza. Ós cativos non se lles oe nin a respiración. Atópanse abraidados. ¡Máis suspense aínda! De súpeto, o paxariño levanta o voo dirixíndose cara as bacadas. Todos miran. Están perplexos. Ninguén fala. E aquela miudiña ave vai pousarse no respaldo da silla de rodas de Fosiño...

O paxariño era o xílgaro do neno tolleito. E o picariño, como se forzas misteriosas o impulsasen, érguese da silla da dor e do sofrimento e virándose tremelicando colle o paxaro que, inexpli-

cablemente, déixase aloumiñar pola dozura daquelas mans infantís.

E Fosiño, moi paseniño, púxose a andar cara o sitio no que María e Xosé contemplaban o seu Fillo recén nado. Fincouse de xeonllos e xuntou as manciñas. Enriba delas púxose o seu xílgaro. O neno rezou. Rezou moito. Logo ergueuse. Fixo a sinal da cruz na testa, na boquiña e no peito. E encaramiñándose cara onde estaban os seus mestres, que se atopaban asombrados ó vivir feito tan sobrenatural e porque Fosiño levaba reflexada no seu rostro a gloria de Deus, pidiulles con cariña de santo que o acompañasen ata o autocar...

No belén de Begonte corenta e nove nenos e nenas, alumnos dun colexio de E.X.B. exclamaron o unísono: ¡¡Milagre!! ¡¡Milagre!!


Milagre porque Fosiño, erguéndose da silla de rodas, púxose a andar.

Porque andivo polo Belén sen que nada se estropease nin se movese.

Porque un paxariño chegou ata un famoso pobo que fai o nacemento máis fermoso do que se poida ter noticia, dende a lonxana aldea de Santa María do Alpeiro.

Porque tal suceso ocorreu precisamente en Begonte, diante do seu belén.

E, porque verdadeiramente foi un milagre, os excursionistas saíron de alí co ánimo disposto para contarlle a todo o mundo aquel portento do que, por gracia de Deus, foran testigos.



**XUNTA**  
DE GALICIA 

DIRECCIÓN XERAL DE  
POLÍTICA LINGÜÍSTICA

CENTRO CULTURAL «JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN»  
DE BEGONTE (LUGO) – DEC. 1999 - XANEIRO 2000